

4º CICLO

MONOLOGOS

NEGREIRA  
OUT. 2016

..... Auditorio Centro Sociocultural .....



venres  
7 out.  
21:30h.



venres  
14 out.  
21:30h.



venres  
21 out.  
21:30h.



venres  
28 out.  
21:30h./23:00h.

Entrada única: 5 € - retirada de tickets a partir dos lúns anteriores a cada función.

# JOSE M. RODRIGUEZ "ISI"

É un dos humoristas máis queridos e coñecidos de Galicia grazas ás súas participacións en programas de entretemento da Televisión de Galicia, como SuperMartes, Air Galicia, Land Rober ou Todo queda na casa.

Isi cóntanos a súa vida e historias dun modo cercano, distendido e con toda a súa impresionante capacidade torácica que lle permite falar durante horas sen perder o sentido. Un contahistorias do cotiá capaz de chegar tanto ó público rural como urbano grazas á súa simpatía e cercanía, que lle axudan a converter en éxito calquera festa.

## "Isistorias"

Se algo caracteriza ao coñecido actor, é o partido que este estradense lle tira ás propias vivencias persoais ou ás do seu contorno. Un anecdotario que, aínda cun proceso de ficionalización evidente, non perde frescura nin naturalidade. O monólogo que nos presenta é, xa que logo, un xeito perfecto de reivindicar a simbiose entre a anécdota popular e a tradición oral. Todo isto, con historias dos seus familiares ou de algún coñecido.

## Ficha artística

Dirección e creación: Isi

Elenco: Isi

Técnica teatral: Monólogo

Duración do espectáculo: **80 minutos**

Público: Adulto

CICLO  
DE  
MONÓLOGOS

NEGREIRA  
2016

ISI

# LUIS ZAHERA

Luis Saltou á fama como Petróleo, na exitosa serie Mareas vivas, e participou en moitas outras series e películas, ademais de numerosas obras de teatro e curtametraxes.

Nos últimos anos deu o salto á ficción en series de ámbito estatal, con colaboracións en Hospital Central, O comisario, Motivos Personais , A familia Mata (2007-2009) e Sen tetas non hai paraíso .

En cine destacan os seus traballos en O lapis do carpinteiro, O Ano da Carracha, Cela 211, Alatriste, entre outras moitas....

## "Chungo"

O coñecido actor galego Luís Zahera chega a Negreira co seu monólogo Chungo, no que repasa en clave de humor, a súa ampla traxectoria profesional desde o seu inicio nos anos 90.

Zahera explica as suas vivencias vitais como actor e a traxectoria que lle foi levando a interpretar «papeis de raro, de non moi listo e sempre de chungo». Farto da vida, da crise, de non ter papeis de galán no cine, e sobre todo de todos eses personaxes de chungo «pódese afirmar que na súa carreira como actor persigue o chunguismo».

## Ficha artística

Dirección: Luis Zahera

Elenco: Luis Zahera

Técnica teatral: Monólogo

Duración do espectáculo: **75 minutos**

Público: Adulto



CICLO  
DE  
MONÓLOGOS  
NEGREIRA  
2016

LUIS  
ZAHERA

# DAVID PERDOMO

David Perdomo conta cunha gran experiencia e bagaxe a pesar da súa xuventude.

Formado nos inicios en Casa Hamlet e na Compañía Estragón, coa que estivo xirando durante dous anos por teatros de toda España, especializouse no humor e a comedia da man de Manicómicos. Durante dous anos consecutivos viaxa a Avignon (Francia) o Festival Internacional de Teatro, un dos máis importantes do mundo, a presentar os seus traballos.

Nos últimos anos labrouse un nome na televisión autonómica e nacional, onde traballou en "Arre Demo" (TVG), "O país dos pequenos" (TVG), "Land Rober" (TVG), "No le digas a mamá que trabajo en la tele" (Cuatro), "Ecce Perdomo" (V Televisión)...

Actuou en teatros e salas de toda Galicia, Madrid, Valencia, ou Murcia

Conta con un club de fans nacional tralo seu paso por "No le digas a mamá que trabajo en la tele". Actualmente está preparando unha nova serie para YouTube, Moncho", que se poderá ver próximamente na súa web [www.perdomo.tv](http://www.perdomo.tv)

## "En Crudo"

En Crudo supón unha volta os seus inicios co obxectivo de entregarse o público en teatros e salas a través das súas sátiras e grandes descargas de humor. David Perdomo logrou centos de miles de visitas na Rede coa súa interpretación de personaxes característicos da sociedade galega como o lusista, o koruño ou o pijo...

## Ficha artística

Dirección: David Perdomo

Elenco: David Perdomo

Técnica teatral: Monólogo

Duración do espectáculo: **70 minutos**

Público: Adulto

CICLO  
DE  
MONÓLOGOS

NEGREIRA  
2016

DAVID  
PERDOMO

# CARLOS BLANCO

O actor arousano ten unha ampla traxectoria teatral, con experiencia tamén como autor e director.

Foi presentador da Radio Galega e traballou en multitude de programas e series da TVG, pero foi o papel de Ladislao na serie 'Mareas Vivas' (onde tamén exercía de guionista) o papel que o dou a coñecer en toda Galicia.

Foi finalista do Certame de Monólogos de El Club de la Comedia en 2003. Con espectáculos deste xénero percorriu con éxito a xeografía galega. Cabe destacar neste aspecto O país da comedia, que dirixiu en 2002 onde compartía cartel con outros actores galegos de éxito como Mabel Rivera, Santiago Romay, Ernesto Chao ou Quico Cadaval.

Comenzou no cine da man de directores como Patricia Ferreira ou Antón Reixa, e podemos destacar a súa colaboración na película Volver(2006)de Pedro Almodóvar ou a serie "Lobos" de A3.

## "Carlos Blanco ao vivo"

Máis de 1.500 actuacións, case sempre con cheos.

Carlos Blanco ten paseado a súa retranca por Francia, Gran Bretaña, Holanda, Alemaña, Polonia, Portugal, Brasil, Uruguai ou Arxentina.

Pero sobre todo leva percorrida Galicia ducias de veces facendo desfrutar cada noite a tres xeracións de galegos. Non é raro ver nunha actuación do monologuista e actor vilagarcían a avoas e netas xuntas e desfrutando á par.

Carlos xoga, fai jazz, improvisa sobre unha partitura que domina, fai pausas.... Domina a escena.

Algúns dos seus monólogos fan parte xa do imaxinario colectivo. Reproducidos centos de milleiros de veces nas redes sociais e no youtube.

Carlos chega a NEGREIRA logo de máis de 2 cheos absolutos o ano pasado. Para non perdelo.....

## Ficha artística

Dirección e creación: Carlos Blanco

Técnica teatral: Monólogo

Duración do espectáculo: **70 minutos**

Público: Adulto



CICLO  
DE  
MONÓLOGOS

NEGREIRA  
2016

BLANCO

CARLOS  
BLANCO



# CONCELLO DE NEGREIRA

#OutonoCultural16